BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

XOVES, 12 DE NOVEMBRO DE 2026 N.º 260

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

ELECCIÓNS ÁS CORTES XERAIS DE 29 DE NOVEMBRO DE 2026

XUNTA ELECTORAL DE ZONA DA FONSAGRADA

Anuncio

DOÑA ANA RODRÍGUEZ PUGA, Secretaria de la JUNTA ELECTORAL DE ZONA DE A FONSAGRADA (LUGO)

CERTIFICO:

Que la composición definitiva de la JUNTA ELECTORAL DE ZONA DE A FONSAGRADA, para las Elecciones Generales 2026, convocadas por RD 806/2026, de 5 de octubre, publicado en el BOE al día siguiente, es la siguiente:

Presidente: GUILLERMO DE MIGUEL FERRER, Magistrado-Juez del Tribunal de Instancia de A Fonsagrada, plaza judicial núm. 1.

Vocales Judiciales:

1.- ALBA MARÍA BARBEITO VÁZQUEZ, Juez Sustituta del Tribunal de Instancia de Becerreá, plaza judicial núm. 1.

2.- ELADIO PRIETO BELLAS, Magistrado-Juez de la Sección Civil del Tribunal de Instancia de Lugo, plaza judicial núm. 1.

Vocales No Judiciales:

1.- JOSÉ LUIS ARANGO GÓMEZ

2.- MARIA SOLEDAD SIERRA VILLAVERDE

Secretaria: ANA RODRÍGUEZ PUGA

Se expide el presente para su publicación en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, en cumplimiento de lo ordenado por la JEP de Lugo, en el día de ayer.

A Fonsagrada, 9 de noviembre de 2026.- La secretaria, Ana Rodríguez Puga.

R. 3084

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTE 2533/2025. ANUNCIO DE COBRANZA E EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 15 de outubro de 2026, prestouse aprobación inicial o PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES POLA TAXA DE MATRÍCULA NA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA 2025-2026 segundo o disposto na Ordenanza Fiscal n.º 5 Taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, así como nos artigos 24 e seguintes do Real Decreto 939/05 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento dos interesados que nas Oficinas Municipais deste Concello, e durante o período dun mes a contar a partir do seguinte día hábil ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, estará exposto ao público o padrón completo da taxa, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Contra a aprobación das liquidacións que nel se inclúen, os interesados poderán interpoñer os seguintes recursos:

1. Conforme ao disposto no artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados só poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

2. Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Igualmente advírtese que tamén poderán utilizar calquera outro recurso que estimen pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

O período voluntario de cobramento de cada unha das cotas segundo a modalidade escollida na propia matrícula é o seguinte:

1º Plazo: dende o día 16 de novembro de 2026 ata o día 15 de decembro de 2026, ambos os dous inclusive.

2º Plazo: dende o día 04 de febreiro de 2027 ata o día 03 de marzo de 2027, ambos os dous inclusive.

3º Plazo: dende o día 03 de maio de 2027 ata o día 02 de xuño de 2027, ambos os dous inclusive.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeran as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Burela, 15 de outubro de 2026.- A alcaldesa-presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 3064

CASTROVERDE

Anuncio

BASES E CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DA PRAZA DE FUNCIONARIO DE CARREIRA DE CONSERXE DE COLEXIO E OUTRAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2026. EXTE 289/2026.

Faise saber que a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria que tivo lugar o 21 de outubro de 2026 á que asistiron os catro concelleiros que legalmente o compoñen adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

5º.- Aprobación de bases e convocatoria de selección da praza de funcionario de carreira de Conserxe de Colexio e outras instalacións municipais incluída na Oferta de emprego público do ano2026. Exte 289/2026.

I. ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Que na Oferta de Emprego Público deste Concello correspondente ao exercicio en vigor, atópase incluída 1 praza de Conserxe de colexio e outras instalacións municipais, encadrada na escala de Administración Xeral, subescala Subalterna, pertencente ao Grupo AP (Agrupacións Profesionais).

SEGUNDO.- Que co obxecto de proceder á cobertura definitiva da referida praza como funcionario de carreira, foron redactadas as bases reguladoras que han de rexer a convocatoria de selección correspondente.

TERCEIRO.- Que consta no expediente o preceptivo informe xurídico emitido por Secretaría, así como o informe de fiscalización previa de intervención, sendo ambos de sentido favorable respecto do condicionado proposto para o proceso de oposición libre.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Competencia. De conformidade co artigo 21.1.g) de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), a competencia para aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo corresponde á Alcaldía. Non obstante, dita competencia foi delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución de Alcaldía de data 5 de xullo de 2023 polo que corresponde a este órgano colexiado a adopción do presente acordo.

SEGUNDO.- Réxime xurídico aplicable. O procedemento de selección axústase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEB); na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; na Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local; e no Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

TERCEIRO.- Sistema de selección. O artigo 61 do TREBEB establece que os procesos selectivos coidarán especialmente a conexión entre o tipo de probas a superar e a adecuación aos postos de traballo. O sistema elixido para a cobertura desta praza é o de oposición libre, garantindo plenamente os principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade consonte ao artigo 103.1 da Constitución Española.

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

CUARTO.- Coñecemento da lingua galega. Consonte ao artigo 51 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, para dar cumprimento ao requisito de coñecemento do galego, as bases recollen a exención da proba específica de idioma para aqueles aspirantes que acrediten posuír o certificado Celga 2 ou equivalente, realizándose un exercicio obrigatorio e eliminatorio para quen non reúna dita acreditación.

A Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación efectuada polo Sr Alcalde mediante decreto de 5 de xullo de 2023 e pola unanimidade dos membros presentes, ACORDA

PRIMEIRO.- APROBAR as bases reguladoras e a convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade, como funcionario de carreira, mediante o sistema de oposición libre, dunha (1) praza de Conserxe de colexio e outras instalacións municipais, vacante na plantilla de persoal funcionario deste Concello, correspondente ao Grupo AP (Agrupacións Profesionais), Escala de Administración Xeral, Subescala Subalterna.

SEGUNDO.- CONVOCAR o proceso selectivo correspondente para a cobertura da citada praza, consonte ao texto íntegro das bases aprobadas que se xuntan como anexo á presente proposta.

TERCEIRO.- PUBLICAR o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) coa reprodución íntegra das bases reguladoras, así como un extracto da convocatoria no no Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial del Estado (BOE), abrindo o prazo de presentación de instancias de vinte (20) días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación no BOE.

CUARTO.- PUBLICAR a totalidade dos actos e resolucións que deriven deste proceso selectivo no Taboleiro de Anuncios electrónico da sede electrónica deste Concello para os efectos de notificación e información pública.

QUINTO.- FACULTAR ao Sr. Alcalde-Presidente para dictar cantas resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento, execución e cumprimento do presente acordo

BASES E CONVOPCATORIA DE SELECCIÓN DE CONSERXE DE COLEXIO E OUTRAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE. EXTE. 289/2025.

1.- Obxecto da Convocatoria

É obxecto da presente convocatoria establecer as bases que terán que rexer o proceso selectivo para a selección dun funcionario de carreira para o posto de traballo de conserxe do Colexio e outras instalacións municipais

O sistema selectivo será o de oposición libre e a presente convocatoria será obxecto de publicación no BOP de Lugo, na sede electrónica do concello de Castroverde (https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.2) e na páxina web do concello de Castroverde (https://concellodecastroverde.gal/)

O anuncio de convocatoria será publicado no DOG e no BOE e o prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOE

O resto de actos do proceso que deban ser obxecto de publicidade serán publicados na sede electrónica municipal no taboleiro de editos.

As características do posto son:

Denominación	Conserxe
Grupo	AP
Escala	Administración Xeral
Subescala	Subalterna
Natureza	Funcionarial
Sistema de selección	Oposición
Quenda	Libre

2.- Funcións do posto

- Vixilancia e custodia interior e exterior de edificio.
- Apertura e peche de edificio, efectuando os controis oportunos en cada caso en relación coa iluminación, calefacción, portas, fiestras, biombo do salón, medidas de seguridade ou de alarma, presencia de persoas, etc..
- Control de acceso de persoas ao edificio.
- Facer garda do transporte escolar á entrada e saída do alumnado
- Informar e, no seu caso, acompañar ao público en xeneral.
- Recollida e entrega diaria do correo. Distribución de correspondencia, documentación e obxectos entre as distintas dependencias e persoal do centro (profesorado, alumnado,...)

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

- Custodia de chaves.
- Recollida e traslado de material, mobiliario e enseres.
- Manexo de máquinas fotocopiadoras, encadernadoras, plastificadoras, etc.
- Control de instalacións (ascensores, calefacción, extintores).
- Reparacións sinxelas de fontanería, sanitarios, electricidade; partes de avarías eléctricas ou doutro tipo e comunicación de anomalías.
- Control e repartición de material e reposicións do material e, en caso necesario, ir ao establecemento a polos subministros necesarios.
- Revisión e mantemento da caixa de primeiros auxilios, do mobiliario, maquinaria e instalacións ubicadas no interior ou exterior do edificio e do seu entorno.
- Limpeza do patio exterior e mantemento dos xardíns e plantas do centro
- Todas aquelas funcións propias da súa categoría que, previamente instruído, no seu caso, se lle encomenden polo responsable municipal ou, no seu caso, o equipo directivo do centro.

3.- Retribucións.

Dita praza atópase dotada orzamentariamente no vixente orzamento municipal coas retribucións anuais correspondentes ao Grupo AP establecendo:

- Salario base: 686,07/mes
- Complemento de destino (nivel 14): 381,57/mes
- Complemento específico anual: 407,87/mes

Así mesmo, se establece unha gratificación de 140 euros ao mes pola apertura e peche do mercado gandeiro (2 veces ao mes)

4.- Xornada de traballo. Completa, de 9:00 a 16:30 de luns a venres.

5.- Requisitos dos/as aspirantes.

Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os/as aspirantes, deberán reunir, na data do remate do prazo para a presentación de solicitudes, debendo manterse os mesmos durante o desenvolvemento do proceso selectivo, os seguintes requisitos:

- **Nacionalidade:** Posuír a nacionalidade española ou a de calquera dos Estados membros da Unión Europea, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- **Idade**: Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación.
- **Capacidade:** Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións asignadas ao posto. As persoas con discapacidade deberán aportar certificación do correspondente organismo e solicitar no modelo de instancia as adaptacións e axustes razoables de tempo ou medios oportunos para as probas do proceso selectivo.
- **Habilitación:** Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentencia firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- **Titulación:** certificado de escolaridade/equivalente ou superior.
- Posuír a **capacidade funcional** para o desempeño das correspondentes funcións.
- **Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais,** en virtude do artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño

Todos os requisitos relacionados con anterioridade posuiranse polo/a aspirante no momento de rematar o prazo de presentación de instancias, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento do nomeamento.

6.- Instancias.

6.1. Modelo de solicitude

Quen desexe tomar parte no proceso selectivo deberá presentar a súa solicitude no modelo oficial de instancia (Anexo I), que estará a disposición dos/as interesados/as nas dependencias administrativas (servicio de rexistro) e na sede electrónica do concello.

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

Dita instancia irá dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Castroverde, farase constar que reúne todos os requisitos esixidos na base quinta da convocatoria e acompañaranse obrigatoriamente os seguintes documentos:

- Copia simple do DNI en vigor do/a aspirante.
- Xustificante da titulación esixida (copia simple do título académico).
- No seu caso, adxuntaranse o CELGA 2 ou superior para quedar exento da realización da proba de coñecemento de galego.
- Xustificante do pago da taxa de participación
- Certificación Negativa do Rexistro Central de Delincuentes sexuais

6.2. Taxa de participación

As taxas de participación no proceso selectivo serán aboadas mediante transferencia bancaria:

- Número de conta do Concello:
- Importe: 12 euros
- Concepto a sinalar: taxas proceso selectivo conserxe e o dni do/a aspirante

As taxas só serán devoltas se o aspirante non é admitido ao proceso selectivo, é dicir, se resulta excluído definitivamente

A falta de pagamento das taxas de participación dentro do prazo de presentación de instancias poderase emendarse mediante o pago no prazo de reclamación á lista provisional de admitidos/as e excluído/as

6.3. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de instancias será de **20 días hábiles,** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE conforme establece o artigo 6.2 do RD 896/1991, de 7 de xuño

A non presentación da solicitude en tempo e forma, suporá a inadmisión da persoa aspirante ao proceso selectivo.

6.4. Medio de presentación.

As instancias serán presentadas presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Castroverde, ou a través da sede electrónica do concello, ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que se cursen a través das oficinas de correos, deberán facerse de acordo co artigo 31 do Real Decreto 1829/1999, do 3 de decembro, que aproba o regulamento de prestación dos servicios postais, (presentaranse en sobre aberto, para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de ser certificadas) facendo constar no sobre a referencia seguinte: "Concello de Castroverde. Proceso selectivo. Convocatoria Conserxe do CEIP."

Neste caso os aspirantes deberán comunicalo mediante correo electrónico info@concellodecastroverde.com durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

6.5. Erros nas solicitudes.

Os erros de feito, materiais ou aritméticos que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición da persoa interesada.

6.6. Defectos das solicitudes.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

6.7. Consecuencias da presentación da instancia.

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento da persoa solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, incluída a lista de reserva.

Así mesmo, os solicitantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios e na sede electrónica municipal para todo o relacionado co proceso selectivo.

A autoridade convocante, deberá dar conta aos órganos competentes das inexactitudes ou falsidades en que puidesen incorrer as persoas aspirantes, para os efectos procedentes.

7.- Admisión das persoas aspirantes.

7.1. Listaxe provisional.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a presidencia do Concello ditará resolución, aprobando a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e, no seu caso, excluídas, indicando nome e apelido, o número do

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

Documento Nacional de Identidade anonimizado, (disposición adicional sétima da LPD) e, no seu caso, a causa da exclusión indicando se é ou non emendable.

Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web ou na sede electrónica do concello de Castroverde.

7.2 Reclamacións á listaxe provisional.

Perante o prazo de dez días, de conformidade co previsto no artigo 68.1 da Lei 39/2025, do 1 de outubro, poderanse corrixir os defectos a que se alude no referido artigo, e formular reclamación á lista provisional.

De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, a persoa aspirante excluída decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente.

7.3 Listaxe definitiva

De non presentarse alegacións á listaxe provisional, considerarase esta definitiva.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola presidencia da entidade a través dunha nova resolución coa lista completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

Publicada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas non se permitirá ningún cambio.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo.

Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúan algún dos requisitos, decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación.

8.- Tribunal Cualificador.

8.1.- Os membros do tribunal Cualificador serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no artigo 4, letras e) e f) do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, así como no artigo 60 do TREBEP.

Estará constituído por cinco membros titulares e cinco suplentes: Presidente/a, Secretario/a e tres Vogais.

Os/as integrantes do Tribunal deberán posuír nivel de titulación igual ou superior ao esixido para as prazas convocadas.

De conformidade co establecido no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos/as seus /súas membros, así como paridade entre muller e home.

A súa composición será predominantemente técnica, rexendo o principio de especialidade das prazas convocadas.

Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

8.2.- Os/as membros/as do Tribunal deberán absterse de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á Función Pública nos 5 anos anteriores á publicación desta convocatoria, de conformidade co establecido no artigo 13.2 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar en calquera momento aos/ás membros/as dos Tribunais cando concorran as circunstancias previstas anteriormente e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

8.3.- Para a válida constitución do Tribunal requirirase a presenza do/a Presidente/a o/a Secretario/a e non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de, polo menos, a metade máis un dos/as seus/súas membros/as, titulares ou suplentes.

Queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a tramitación e boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

8.4.- O Tribunal poderá estar asistido dos/as asesores/as necesarios/as, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas e actuarán con voz e sen voto.

8.5.- Antes de que teña lugar o comezo das probas e xuntamente coa lista definitiva de admitidos, publicarase na sede electrónica municipal, a resolución pola que se nomean os membros do tribunal cualificador e a data, hora e lugar en que se procederá a realización do primeiro exercicio da oposición.

8.6.- Dereitos económicos do Tribunal.

Os membros do Tribunal Terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesión do Tribunal de acordo co disposto nos artigos. 1.1d) e 27.1b), 29 e 30.1 e Anexo IV do RD 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnización por razón do servicio.

O Tribunal terá a categoría terceira.

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

9.- Procedemento de selección.

O proceso de selección efectuarase polo sistema de oposición libre e consistirá na realización de dúas probas eliminatorias:

- Unha primeira, que contará con dúas partes, unha de contido teórico e outra de contido práctico segundo o temario relacionado no Anexo II.
- Unha segunda de coñecemento de galego.

9.1. Primeira proba: parte teórica e parte práctica.

A puntuación máxima será de 20 puntos.

9.1.1. Parte teórica da primeira proba.

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 50 preguntas (máis 3 preguntas de reserva) con 3 respostas alternativas das que só unha será correcta, sobre os temas relacionados no Anexo II das bases, durante un período de 60 minutos.

Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, sendo necesario para supéralo obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba. As respostas correctas valoraranse en 0,2 puntos.

As respostas incorrectas descontarán 0,067 puntos. As non contestadas non penalizarán nin se puntuarán.

9.1.2. Parte práctica da primeira proba.

Consistirá na realización dun ou varias probas prácticas, relacionadas coas funcións propias do posto, a proposta do Tribunal, que poderá formular preguntas sobre o mesmo, sobre os temas relacionados no Anexo II das bases.

Este exercicio puntuarase de cero a dez puntos sendo necesario para superalo un mínimo de 5 puntos.

O tempo máximo para a realización desta proba será de 60 minutos.

9.2. Segunda proba: proba de coñecemento de galego

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria, terá unha duración de 30 minutos. Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que sen acreditar o nivel de galego esixido na base específica sexta, non se presenten ou acaden o resultado de non apto. Para dar cumprimento ao artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia, realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o Celga 2 ou superior. A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto.

10.- LISTA DE APROBADOS

10.1. Realización da primeira proba.

Rematada a primeira proba, o Tribunal publicará a lista provisional das notas acadadas polos aspirantes e outorgará un prazo de 5 días para presentación de reclamacións. A lista publicarase no taboleiro de editos da sede electrónica municipal.

Transcorrido o prazo serán resoltas, no seu caso, as alegacións presentadas publicándose polo Tribunal a lista definitiva de aspirantes aprobados por orde da puntuación obtida, coa indicación da puntuación acadada en cada parte da primeira proba. A lista publicarase no taboleiro de editos da sede electrónica municipal.

10.2. Realización da segunda proba e publicación das puntuacións finais dos/as aspirantes.

Rematada a segunda proba, o Tribunal publicará a lista provisional de aptos ou non aptos e outorgará un prazo de 5 días para presentación de reclamacións. A lista publicarase no taboleiro de editos da sede electrónica municipal.

Transcorrido o prazo serán resoltas, no seu caso, as alegacións presentadas publicándose polo Tribunal a lista definitiva de aspirantes aptos do proceso selectivo, por orde da puntuación obtida, coa indicación da nota obtida en cada parte da primeira e segunda proba.

A proposta publicarase no taboleiro de editos da sede electrónica municipal.

Para o suposto de que todos os aspirantes quedaran exentos da realización da segunda proba, trala realización da primeira proba o Tribunal fará pública a proposta dos aprobados do proceso selectivo, por orde da puntuación obtida, coa indicación da nota obtida en cada parte da primeira proba.

A proposta publicarase no taboleiro de editos da sede electrónica municipal.

10.3. Resolución do proceso

O Tribunal elevará a proposta ao Sr. Alcalde para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e ao nomeamento como persoal funcionario de carreira

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

Para o caso de empate será nomeado o aspirante que tivese maior puntuación na parte práctica da primeira proba e se persiste o empate o que obtivese maior puntuación na parte teórica da primeira proba. En último caso se procederá a sorteo realizado en sesión pública polo Tribunal.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron a selección un número superior de aspirantes ao do posto convocado. Calquera proposta de aprobados que contraveña ao anteriormente establecido será nula de pleno dereito

10.4. Bolsa de traballo.

Cos candidatos que superasen o proceso selectivo que non ocupen o posto de traballo formarase unha listaxe por orde de puntuación total obtida neste proceso selectivo, que será empregada para o chamamento de candidatos para a cobertura de vacantes, realización de substitucións por vacacións, incapacidades temporais e outras análogas do persoal conserxe de colexios e edificios municipais do Concello de Castroverde, e para a realización doutros nomeamentos interinos previstas no artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015 sempre que correspondan á categoría profesional posto Conserxe de Colexios e de edificios do Concello de Castroverde.

O funcionamento desta bolsa de emprego rexerase polas seguintes regras:

1ª– O chamamento realizarse telefonicamente. A/o funcionaria/o que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta, así coma o sentido desta.

Unha vez realizado o intento de localización por medio da comunicación telefónica, se non fose posible o contacto en vinte e catro horas acudirase a persoa seguinte. A comunicación telefónica, realizarase un mínimo de tres intentos de contacto entre as 9:00 e as 14:00 horas, cun intervalo de cincuenta minutos entre cada chamada.

A persoa integrante da Bolsa que reciba proposta de traballo, nos termos descritos anteriormente, deberá proceder a aceptación ou rexeitamento da mesma, nun período máximo de 2 horas, salvo circunstancias excepcionais ou de forza maior.

2ª– Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva o nomeamento, non se presentasen, renunciasen sen causa xustificada ou que renunciasen a continuar desempeñando un posto para o que fosen contratados en aplicación destas bases, non dará lugar exclusión da Bolsa de Emprego, pero ocasionará un cambio de lugar do posto, dentro da mesma, pasando a ocupar o último posto como integrante da Bolsa.

Consideraranse como causa xustificada para a renuncia ao chamamento as seguintes:

A) Estar desenvolvendo un traballo remunerado en virtude de relación laboral ou funcionarial nas datas para as que se efectúa o chamamento no Concello de Castroverde.

B) Estar cursando estudios cuxo horario lectivo sexa incompatible co do posto para o que se efectúa.

C) Atoparse en situación de incapacidade temporal que impida o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

D) Estar en situación de Suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención quirúrxica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada polo facultativo que esixa a lactancia natural de menores de nove meses. A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar a reposición no mesmo lugar da orde da lista.

E) Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

Finalizado o contrato de traballo ou causa xustificativa, o aspirante reintegrarase automaticamente na bolsa na mesma posición u orde na que se atopaba.

O candidato deberá acreditar documentalmente a efectiva concorrencia da causa que alegue para renunciar ao chamamento.

3ª– Unha vez comparecera o/a aspirante chamado segundo o orde da bolsa de traballo, procederase ao seu nomeamento para o desempeño do posto de traballo correspondente.

O cese producirase polo órgano competente cando aconteza a causa de extinción do nomeamento ou cando se produzan algún dos supostos previsto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

4.ª– A bolsa de traballo extinguirase unha vez transcorridos tres (3) anos, a contar desde a data da constitución da relación de persoas que integren a presente listaxe de emprego temporal, ou por derrogación expresa polo órgano competente do Concello de Castroverde.

A duración da mesma poderá prorrogarse mediante resolución de Alcaldía, xustificando a mesma.

Tódolos nomeamentos de persoal mediante funcionario interino que se realicen polo Concello para os postos e funcións contempladas nestas Bases deberán realizarse empregando esta Bolsa de emprego. Soamente poderá prescindirse dela cando a aplicación doutra norma de rango legal ou regulamentario impoña a utilización dun

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

procedemento de selección diferente, ou a esixencia de requisitos ou a valoración doutros criterios de selección diferentes ós destas Bases.

12.- Presentación de documentos para o nomeamento.

A persoa seleccionada, no prazo de cinco días hábiles contados dende o día seguinte a aquel no que se fixese pública a lista de aprobados, deberá presentar na secretaría do concello de Castroverde, a seguinte documentación, agás a que xa obren no expediente:

- Copia autenticada do DNI, NIE ou documento que acredite o réxime de nacionalidade nos termos previstos no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Copia autenticada do título esixido na convocatoria.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Número de afiliación a seguridade social (Tarxeta Sanitaria)
- Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade, de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da toma de posesión.
- Certificado de número de conta bancaria cos 20 díxitos para o ingreso da nómina.

Se non presenta en prazo a documentación requirida, o aspirante decaerá no seu dereito, non podendo ser nomeado e será chamado o seguinte en puntuación.

Se non houbera outros aspirantes o posto será declarada deserto

13.- Nomeamento e toma de posesión.

Pola Alcaldía do Concello de Castroverde nomearase mediante resolución ao aspirante proposto polo Tribunal como funcionario de carreira

O aspirante nomeado deberá tomar posesión no prazo de cinco días naturais, a contar dende o seguinte ao que lle sexa notificado o citado nomeamento, debendo prestar xuramento ou promesa, de conformidade co establecido, en todo caso no R.D 707/1979, do 5 de abril.

14.- Réxime de incompatibilidades.

As persoas que resulten nomeadas estarán sometidas ao réxime de incompatibilidades que establece a Lei 53/1984, do 26 de decembro, e outras incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

15.- Normas finais.

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletoria o establecido na:

- Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposición legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego público de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público así como no resto de normas vixentes de aplicación.
- RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- RD 364/1995, de 10 de marzo,
- Decreto 95/91 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade autónoma de Galicia
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

16.- Recursos

A convocatoria, como as presentes bases e cantos actos administrativos se deriven da mesma poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O acordo da Xunta de Goberno Local que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Asemade, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo.

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE

PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN INTERINA DE CONSERXE POR OPOSICIÓN.

I.- DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI.:	TELÉFONO FIXO:	MÓBIL:
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
CORREO ELECTRÓNICO:		

II.- EXPOÑO:

Informado da convocatoria que realiza o Concello de Castroverde, para unha praza de funcionario de carreira de CONSERXE DE COLEXIO E INSTALAICÓNS MUNICIPAIS por oposición, de acordo ao anuncio de aprobación das bases e convocatoria publicado no BOE, nº___ de data _____ que declara coñecer e aceptar.

Tendo en conta que cumpro todos os requisitos esixidos na cláusula quinta das bases, comprometéndome a achegar os documentos acreditativos no caso de ser seleccionado e a continuar en posesión dos mesmos ata o nomeamento.

III.- SOLICITO:

1. Ser admitido ao proceso de selección convocado, para o que achega:

- Copia simple do DNI en vigor.
- Xustificante de pago de taxa de participación
- Copia simple da titulación esixida (copia do título académico).
- No seu caso, certificación do correspondente organismo que acredita a discapacidade e base á cal solicita as seguintes adaptacións de tempo ou medios: .....

  .....
- No seu caso, CELGA 2 ou superior, para quedar exento da realización da proba de coñecemento de galego.
- Certificado Negativo do Rexistro Central de Delincuentes sexuais e Trata de Seres Humanos

2. Realizar as probas en: castelán / galego

Así mesmo, SI / NON AUTORIZA a que lle sexan comunicadas as actuacións do expediente a través do enderezo electrónico arriba indicado.

....., ... de ..... de 202.....

O solicitante,

Asdo: .....

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

ANEXO II.- TEMARIO

PARTE TEÓRICA

1.- A Constitución Española de 1978. Deberes e dereitos fundamentais. Organización territorial do Estado. As comunidades autónomas. O estatuto de autonomía.

2.- O municipio. Organización municipal. Órganos necesarios e órganos complementarios. Competencias.

3.- O procedemento administrativo común: A capacidade de obrar e o concepto de interesado. A identificación e firma dos interesados. Termos e prazos. A notificación: contido, prazo e práctica. A publicación. Fases do Procedemento Administrativo Común.

4.- O persoal ao servizo das Entidades Locais: concepto e clases. Dereitos e deberes. Incompatibilidades

5.- Localización e denominación das principais instalacións do Concello de Castroverde. O municipio de Castroverde. Parroquias. Límites xeográficos.

6.- Seguridade en edificios. Instalacións de protección contra incendios. Evacuación e outras medidas e pautas de actuación ante incendios e emerxencias. Prevención de riscos laborais. Seguridade e hixiene no traballo.

7.- Políticas de igualdade de xénero. Disposición legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Medidas de conciliación e corresponsabilidade no emprego público. Políticas contra a violencia de xénero.

PARTE PRÁCTICA

1.- Control de accesos e custodia das chaves. Control e repartición de material e reposicións. Recollida e traslado de aveños.

2.- Información e atención ao público: persoal e telefónica. Realización de fotocopias. Recollida de partes de avarías. Comunicación das avarías aos servizos municipais. A comunicación escrita (avisos, recados e carteis informativos) e documentos escritos (instancias e certificados)

3.- Apertura e peche de edificios e locais. Posta en marcha e parada de instalacións.

4.- Control do estado de mantemento e limpeza das instalacións. Reparacións sinxelas de fontanería, cerrallería, carpintería, saneamento, calefacción, aire acondicionado e electricidade. Revisión e mantemento da caixa de primeiros auxilios das dependencias municipais.

5.- Tarefas a desempeñar por un conserxe escolar. A organización do centro escolar. O Consello escolar. Dirección do centro escolar. Claustro de profesores. Participación dos pais de alumnos.

6.- Descrición, funcionamento e mantemento básico de aparatos eléctricos: proxectores, sistemas de son, sistemas de megafonía, etc, ...

7.- Manexo e mantemento básico de fotocopiadoras, escáneres, plastificadoras, destrutoras de papel e outras máquinas de oficina.

O que se fai público os efectos oportunos.

Castroverde, 9 de novembro de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 3085

CERVANTES

Anuncio

Información pública

Aprobados por Resolución de alcaldía de data 6 de outubro de 2026, os padróns que a continuación se relacionan, expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

- Taxa polo servizo de recollida domiciliaria do lixo (3º trimestre de 2026).
- Taxa polo servizo de subministro domiciliario de auga potable e canon da auga (3º trimestre de 2026).

Recursos: Contra o acordo da aprobación dos padróns se poderá interpor recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: un mes contado dende o día inmediato seguinte ao do término do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde do concello de Cervantes.

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o comprendido entre o 01/12/2026 e o 31/01/2027. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Cervantes, 26 de outubro de 2026.- O alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 3065

O CORGO

Anuncio

O Sr. Alcalde, o día 5 de novembro deste ano, e de conformidade co establecido na base quinta da convocatoria, ditou Resolución na que se contén a seguinte LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS PARA PARTICIPAR no procedemento de selección de persoal, para cubrir mediante concurso-oposición, unha praza de Auxiliar Administrativo posto base e encargado/a da Secretaría do Xulgado de Paz como funcionario/a de carreira da escala de Administración Xeral.

ADMITIDOS:

NOME	DNI	EXAME GALEGO
ENCABO GONZÁLEZ, BELÉN MARÍA	**5601***	EXENTA
BOUZA DURÁN, ESTEBAN	**7099***	EXENTO
CASTEDO REY, JUAN JOSÉ	**5565***	EXENTO
NÚÑEZ LÓPEZ, ESTEFANÍA	**9994***	EXENTA
RODRÍGUEZ CABANAS, MIGUEL	**3365***	EXENTO
GARCÍA VARELA, BERTA	**3507***	EXENTA
RODRÍGUEZ CONSTELA, ANTÍA	**1603***	EXENTA
LÓPEZ VÁZQUEZ, VANESA	**5501***	EXENTA

EXCLUIDOS:

NOME	DNI	EXAME GALEGO	MOTIVO EXCLUSIÓN
ALMEIDA VIRGUEZ, PIERINA ZATILDET	**4329***	SI	Non presenta a solicitude no Modelo Anexo II
VILA DÍAZ, TATIANA	**5491***	EXENTA	Non presenta a solicitude no Modelo Anexo II

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza aos/as interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puideran derivar das súa participación no procedemento.

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

COMPOSICIÓN E CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL

PRESIDENTA: Dna Mónica Giménez López. Letrada da Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO: D. Marco A. García-Gabilán Sangil. Secretario do Concello do Corgo.

1º VOGAL: Dna Belén López López, Secretaria do Concello de Pastoriza.

2º VOGAL: D. Severiano Daniel Vázquez Prado, Técnico do Concello de Becerreá.

3º VOGAL: Dna Jesús Morado López, Técnico do Concello de Friol.

SUPLENTES:

- Dna Ana Josefa Fernández Reija, Xefa de sección administrativa do Concello de O Corgo.
- D. Constantino Vila Abuín, Xefe de sección de contabilidade do Concello do Corgo.
- Dna. María del Mar Marey Rodríguez, Administrativo do Concello do Corgo.
- Dna Monica Vazquez Fandiño, Secretaria-Interventor do Concello de Láncara.
- D. Julio Gonzalez Casanova, Secretario-Interventor do Concello de Friol.

CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL

O Tribunal constituirase o día 13 de NOVEMBRO de 2026, as 10:30 na casa do Concello do Corgo.

O Corgo, 5 de novembro de 2026.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 3066

MURAS

Anuncio

Tendo quedado definitivamente aprobado o expediente modificación de créditos mediante transferencia de crédito entre partidas de distinto área de gasto por importe de 34.000,00€, por acordo adoptado en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 13 de outubro de 2026, e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ó público, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que o Orzamento do ano 2022 prorrogado para o ano 2026, trala entrada en vigor do devandito expediente, tanto no estado de gastos como no estado de ingresos, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, segundo o seguinte detalle

GASTOS

CAP.		CRÉDITOS INICIAIS	ALTA	BAIXA	CRÉDITOS DEFINITIVOS
	OPERACIÓNS CORRENTES				
1	Gastos de persoal	593.520,27		34.000,00	559.520,27
2	Gastos bens correntes e servizos	1.266.539,11	34.000,00		1.300.539,11
3	Gastos financeiros	3.000,00			3.000,00
4	Transferencias correntes	7.000,00			7.000,00
5	Fondo contingencias	5.000,00			5.000,00
	Total operacións correntes	**1.872.059,38**			**1.872.059,38**
	OPERACIÓNS DE CAPITAL				
6	Investimentos reais	122.806,95			957.765,62
7	Transferencias de capital	0,00			0,00
8	Activos financeiros	0,00			0,00
9	Pasivos financeiros	0,00			0,00
	Total operacións de capital	**122.806,95**			**957.765,62**
	TOTAL	**1.994.766,33**			**2.829.725,00**

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

INGRESOS

CAP.		CRÉDITOS INICIAIS	ALTA	BAIXA	CRÉDITOS DEFINITIVOS
	OPERACIÓNS CORRENTES				
1	Impuestos directos	1.131.500,00			1.131.500,00
2	Impuestos indirectos	6.500,00			841.458,67
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	123.300,00			123.300,00
4	Transferencias correntes	585.405,00			585.405,00
5	Ingresos patrimoniais	500,00			500,00
	Total operacións correntes	**1.847.205,00**			**2.682.163,67**
	OPERACIÓNS DE CAPITAL				
6	Enaxenación inversións reais	0,00			0,00
7	Transferencias de capital	0,00			0,00
8	Activos financeiros	316.797,52			316.797,52
9	Pasivos financeiros	0,00			0,00
	Total operacións de capital	**316.797,52**			**316.797,52**
	TOTAL	**2.164.002,52**			**2.998.961,19**

Muras, 9 de novembro de 2026.- O alcalde-presidente, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3086

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía número 2026-0190 de data do 4.11.2026, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de outubro de 2026 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 188,08€, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 237,49 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 4 de novembro de 2026.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 3068

PALAS DE REI

Anuncio

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2026-0645, ditada o 3 de novembro de 2026, os padróns e listas cobratorias dos tributos locais Taxa pola prestación do servizo de saneamento e abastecemento de auga, recollida de lixo e canon da auga, referidos ao exercicio de 3º trimestre do 2026, expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49,7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario do imposto do día 1 ao 30 de novembro. O pagamentos farase efectivo nas entidades financeiras colaboradoras. Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciarase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Palas de Rei, 3 de novembro de 2026.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 3069

RIOTORTO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado, polo Pleno deste Concello o Orzamento Xeral para o exercicio económico 2027, mediante acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 02 de outubro de 2026, en cumprimiento do que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 27 de abril, faise público que o dito orzamento ascende, tanto en ingresos como en gastos, á cantidade de 1.703.550,00 euros.

ESTADO DE GASTOS

A. OPERACIÓNS CORRENTES	
1. Gastos de Persoal	909.150,00
2. Gastos corrientes de bens e servizos	578.500,00
3. Gastos financeiros	1.500,00
4. Transferencias correntes	104.300,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	1.593.450,00

B. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6. Inversións reais	96.000,00
7. Transferencias de capital	0,00
8. Activos financeiros	0,00
9.Pasivos financeiros	14.100,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	110.100,00

TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	1.703.550,00

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

ESTADO DE INGRESOS

A. OPERACIÓNS CORRENTES	
1. Impostos directos	401.850,00
2. Impostos indirectos	71.950,00
3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	217.950,00
4. Transferencias correntes	962.400,00
5. Ingresos patrimoniais	9.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	1.663.150,00

B. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6. Enaxenación de inversións reais	1.100,00
7. Transferencias de capital	37.300,00
8. Activos financeiros	0
9. Pasivos financeiros	2.000,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	40.400

TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	1.703.550,00

Na referida sesión, tamén acordouse aprobar a plantilla de persoal e a relación de postos de traballo desta Corporación e demais Organismos mencionados, que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reprodúcense a continuación:

1) PLANTILLA 2027

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

ESCALA	SUBESCALA	P. TRABALLO	Nº PLAZ	GRUPO	N CD
Func. Habilitación Estatal	Secretaría-Interv.	Secretaría-Interv.	1	A2	26
Administración General	Administrativa	Administrativo	2	C1	22
Administraticón Especial	Servizos Especial.	Operarios Serv. Esp.	2	E	13
Administración Especial	Técnica	Traballadora Social	1	A2	22

B) PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	POSTO DE TRABALLO	SITUACIÓN
Técnica	Axente Emprego e Desenrrolo Local	

1) RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	DOT.	C.DEST.	C.ESPC.	F. PROVIS.	ADSCRIPC. POSTO TRABALL.
Secretaría-Interv.	1	26	19599,16	Concurso	Secretaría-Intervención
Administrativa	1	22	18693,84	Oposición	Administración General - Advo
Administrativa	1	22	18693,84	Conc-Op.	Admón Gral – Advo
Xefe Servizo Obras	1	13	10808,84	Oposición	Admnist. Especial-Serv. Esp..
Servizos Especiales	1	13	10331,78	Concurso	Administ. Especial-Serv. Esp.
Administ.Especial	1	22	6406,56	Conc-Op	Traballador Social

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

B) PERSONAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	ADSCRIPCIÓN	GRUPO
Axente Ëmprego e Desenrrolo Local	1		A1/A2

2) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

DENOMINACIÓN	POSTO DE TRABALLO	SITUACIÓN
Traballadora Social Auxiliar de Axuda a Domicilio	Traballadora Social 10 Postos Axuda a Domicilio	Xornada Completa “

3) PERSOAL LABORAL INDEFENIDO

DENOMINACIÓN	POSTO DE TRABALLO	CARACTERISTICAS
Auxiliar de Axuda a Domicilio Encargada da Biblioteca	2 Postos Axuda a Domicilio Encarg. Biblioteca	Xornada Completa Xornada a tempo parcial

De conformidade co establecido no artigo 171.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba el Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra o referido acordo definitivo, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso administrativo na forma e prazos establecidos nas normas de dita xurisdición.

Riotorto, 5 de novembro de 2026.- O alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3070

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno de data 05.11.2026, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **OUTUBRO/2026**, expóñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello en ABANCA.

Fíxanse como período de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco dias, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recadación.

Samos, 5 de novembro de 2026.- A alcaldesa presidenta, D.ª María Jesús López López.

R. 3071

O VALADOURO

Anuncio

Por acordo do Pleno de data 03 de novembro de 2026 aprobouse o expediente de aprobación do Plan Económico-Financeiro período 2026-2027 , polo que, aos efectos do artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, de 27 de abril, publícase a aprobación do mesmo para o seu xeral coñecemento.

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)

O Valadouro, 5 de novembro de 2026.- O alcalde, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 3072

O VICEDO

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 4 de novembro de 2026, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de setembro de 2026 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 3 de novembro de 2026.- O alcalde-presidente, José Jesús Novo Martínez.

R. 3073

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 9 de novembro de 2026, aprobou inicialmente o expediente nº 11/26 de modificación de créditos do presuposto municipal vixente. Dando cumprimento ó preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, exponse ó público por prazo de 15 días na Secretaría-Intervención deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

O Vicedo, 9 de novembro de 2026.- O alcalde-presidente, José Jesús Novo Martínez.

R. 3087

Anuncio publicado en: Num BOP 260 año 2026 (12/11/2026 08:00:00)